



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2017 10:48
Nº Rexistro: 18220
Data envío: 04/10/2017 10:48:55.681

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado venres 27 de setembro o goberno municipal de Redondela procedía a retirar da sala de exposicións do Multiusos unha mostra do colectivo republicano de Redondela titulada “A criminalización do pensamento” que recollía fotografías de conflitos sociais e bandeiras republicanas. Segundo a comunicación enviada ao colectivo por persoal do concello, a exposición recolleuse por petición da comaría de policía.

A xuízo do BNG estamos ante un caso grave de censura e represión da liberdade de expresión, que é máis propia doutras épocas históricas, nas que a policía, a garda civil ou o exército imponían a súa autoridade empregando a forza dun estado ditatorial. Fronte a este xeito de proceder, as democracias baséanse no respecto ao pluralismo, á diversidade ideolóxica e de pensamento, e á liberdade de expresión. E estes dereitos fundamentais foron vulnerados polo concello de Redondela.

A xustificación feita pública pola concelleira de cultura, no sentido de que se retirou a exposición para garantir a convivencia e en resposta a queixas de diversas persoas pon en evidencia a intolerancia e o sectarismo do goberno municipal.

Paradoxalmente, o título da mostra foi premonitorio: “a criminalización do pensamento”. Efectivamente estamos ante un exemplo da persecución de quen pensa



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferente, un paso máis escalada reaccionaria e na involución ideolóxica que está a levar a cabo o Partido Popular.

Ante a gravidade destes feitos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Comparte o goberno galego a decisión do goberno municipal de Redondela de retirar a exposición “Criminalización do pensamento”?

2. Considera o goberno galego normal que a decisión de adopte por petición da Policía, sen ningún fundamento legal?

3. Está dacordo a Xunta de Galiza con esta forma de proceder que atenta contra dereitos fundamentais como o de liberdade de expresión e pensamento?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2017 10:48
Nº Rexistro: 18220
Data envío: 04/10/2017 10:48:55.681

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2017 10:45:37

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2017 10:45:44

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2017 10:45:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2017 10:45:47

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2017 10:45:48

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2017 10:45:50